



Encontro de Participación Social para a elaboración de propostas políticas

Emprego, a toda costa?

6 de xuño Santiago de Compostela

DOCUMENTO FINAL DE CONCLUSIONES

A recente crise sanitaria provocada polo COVID-19 tivo impacto sobre a sociedade e a economía, abriu o debate sobre as relacións laborais e provocou transformacións no mercado laboral. A crise social e económica pola inflación e a guerra de Ucraína minguou a capacidade de aforro das familias, sendo máis afectadas aquelas persoas en situación de vulnerabilidade que necesitan servizos e recursos públicos que lles permitan ter unha maior calidade de vida e benestar social.

O emprego articulouse como un recurso esencial e indispensable para obter unha vida digna, ao mesmo tempo que xurdiron discursos de rexeitamento ás prestacións sociais e rendas mínimas, ás que se lles nomeou, de forma despectiva, como 'paguitas'. As persoas en situación de vulnerabilidade están a ser obxecto dunha narrativa que cuestiona o seu dereito para recibir prestacións sociais e que contempla o emprego como a única solución para a mellora da súa situación social e económica. Este discurso é o que denominados como: a **teoloxía do emprego**.

"UN EMPREGO A TODA COSTA?"

Neste 2023 o XIV Encontro de Participación Social celebrouse de xeito presencial coa asistencia de 85 persoas en situación de pobreza e exclusión social. Durante a primeira parte da xornada contou cunha mesa diálogo que daba paso aos temas que se tratarían ao longo da xornada, e nunha segunda parte, en grupos reducidos, traballáronse ditos temas de cara a elaboración de propostas para favorecer a inclusión sociolaboral, garantindo empregos dignos e para o recoñecemento das prestacións sociais e rendas mínimas coma un dereito.

Este seminario configurouse como un espazo inclusivo no que traballar de cara ao empoderamento e á participación real das persoas centrándoo na elaboración de propostas para combater a pobreza e a exclusión social e contou coa implicación e apoio constante das persoas participantes e profesionais de organizacións como Accem, COGAMI, Amaranta, Down Galicia, Boa Vida, Cáritas Mondoñedo-Ferrol, Fundación Secretariado Gitano, Sarela, Fundación Érguete-Integración, FEAFES, Fundación Ronsel, Acción Contra a Fame, Ecos do Sur, Emaus Fundación Social, Provivienda e Fundación Juan Soñador,

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal





CARA UNHA SOCIEDADE ONDE O TRABALLO NON EXCLÚA

O Encontro buscaba achegarse á realidade actual do emprego e as prestacións sociais e rendas mínimas dende dúas dimensións ou eixos:



1. **O dereito das persoas a ter acceso a un emprego digno e de calidade** en igualdade de oportunidades e sen discriminación, e
2. **As prestacións sociais coma un dereito:** as persoas que polas súas circunstancias o precisen deben poder optar a recursos públicos e prestacións sociais sen ser xulgadas e culpabilizadas a través do discurso da **'teoloxía do emprego'**.

As persoas asistentes traballaron en identificar os discursos que culpabilizan aos colectivos en situación de vulnerabilidade e que son perceptores de protección social ou, aqueles que non están traballando no mercado laboral, polas súas circunstancias particulares. Para posteriormente elaborar propostas de incidencia política para un emprego digno e unha vida digna.

Colabora:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



En cada un dos grupos elixiuse unha proposta, e finalmente para rematar, realizouse unha votación con todas as participantes no salón de actos, para a elección das propostas finais.

TALLERES PREVIOS



Como en anos anteriores, as entidades, individualmente ou conxuntamente con outras, organizaron obradoiros previos, para os cales se lles facilitou o material necesario. Neles as persoas participantes familiarízanse coas temáticas a tratar e garátese unha participación máis efectiva o día do encontro. O obradoiro deste ano constaba de dúas partes:

Unha primeira parte onde as participantes debían identificar e recoller afirmacións, mensaxes e ideas que reciben as persoas que non poden traballar ou se atopan en situación de desemprego, reciben algún tipo de prestación social ou son beneficiarias de rendas mínimas.

Unha segunda parte na que dar resposta e contra argumentar estas afirmacións e mensaxes, para construír narrativas alternativas.

Nos obradoiros deste ano, traballouse entorno ás seguintes temáticas:

1. **Emprego.** Dificultades de acceso a un emprego digno derivadas das propias condicións das ofertas tendo en conta as circunstancias persoais.
2. **As rendas mínimas e as prestacións sociais** coma un dereito: dificultades para acceder ás mesmas e a súa relación no acceso ao emprego.
3. **Desculpabilización** das persoas en situación de pobreza ou exclusión que perciben prestacións sociais ou son beneficiarias de rendas mínimas, se atopan en emprego precarios, en situación de desemprego ou non poden traballar.

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



A continuación expónse un resumo das principais ideas e conclusións dos obradoiros previos que se realizaron dende as entidades membro COGAMI, Amaranta, Ecos do Sur e APES:

- As persoas perceptoras de prestacións sociais ou rendas sentíronse nalgún momento incómodas ou agredidas con mensaxes do tipo *"a xente so quere vivir de axudas"* *"a xente é unha vaga e prefire recibir axudas antes que traballar"*.
- As persoas que non están a traballar no mercado laboral reciben mensaxes coma: vagos/as, maleantes, non queren traballar, traballo hai só faltan ganas, os empresarios/as non atopan traballadores/as porque a xente non quere traballar, etc.
- Os medios de comunicación inflúen sobre as mensaxes de odio e prexuizos referentes á realidade as persoas que perciben prestacións ou rendas mínimas ou aquelas que non poden traballar.
- As persoas en pobreza ou exclusión queren traballar no mercado laboral, pero ante as dificultades de acceso a un emprego digno a alternativa para dispor de ingresos é solicitar unha prestación social ou renda, que moitas veces son insuficientes para satisfacer as necesidades básicas.
- Existen dificultades e barreiras no acceso ao mercado laboral e a un emprego digno o que obriga ás persoas a aceptar condicións laborais que comprometen a súa saúde, integridade e os seus dereitos.
- Non se ten en conta a diversidade de circunstancias nas que se atopan as persoas demandantes de emprego e a súa situación concreta e non se presta atención ás condicións ofertadas e dificultades reais ás que se enfrontan as persoas á hora de buscar emprego.

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



PROPOSTAS DOS GRUPOS DE TRABALO



O DISCURSO DA TEOLOXÍA DO EMPREGO

- 1. Impulsar medidas para que as persoas de calquera tramo de idade teñan a oportunidade de acceder a un emprego digno, teñan ou non experiencia.**
- 2. Establecer políticas de Inclusión laboral onde se potencien e se incrementen as posibilidades de acceso ao mercado laboral e ofrecer un emprego público e estable para colectivos vulnerables.**
3. Realizar campañas de formación e sensibilización que se difundan por medios de comunicación e redes sociais co fin de concienciar sobre as dificultades e discriminación que sofren certos colectivos.
4. Difundir a idea de que a persoas queren traballar pero hai unha serie de barreiras (condicións laborais abusivas, dificultades para a conciliación, transporte..) que llo impiden, o que lles obriga a rexeitar empregos ou solicitar prestacións sociais para garantir ingresos.
5. Defender que todas as persoas deben ter dereito a un emprego digno e que non deben sentirse culpables por verse obrigadas a rexeitar un emprego ou non poder traballar.
6. Visibilizar e recoñecer ás persoas que non poden traballar e precisan unha maneira de vivir dignamente e de forma autónoma.

“Querer traballar non implica ter que aceptar un traballo no que me explotan”

“Nas noticias cúlpase moito ás persoas que perciben axudas dando a idea de que todas as persoas que reciben axudas teñen un determinado perfil. Nunca sacan ás persoas que de verdade teñen dereito a cobrar esa axuda, para xeneralizar.”

INCLUSIÓN SOCIOLABORAL E RENDAS MÍNIMAS

- 1. Complementar as rendas mínimas co emprego para facilitar o acceso ao mercado laboral, fomentando a estabilidade económica, laboral, persoal, social e psicolóxica de todas as persoas.**
- 2. Asegurar o adecuado funcionamento das prestacións sociais e rendas mínimas, mediante a súa axilización e eficiencia na tramitación, para que as persoas non se queden durante un período de tempo sen percibir ningún**

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



ingreso.

3. Individualización da contía das rendas e prestacións adaptándoas a cada caso (persoal/familiar) e flexibilizar os trámites no acceso ás mesmas.
4. Ter en conta a situación socioeconómica actual das persoas para acceder a prestacións ou rendas e non a situación de ingresos do ano anterior.

“A administración non facilita volver a cobrar a RISGA si aceptas un emprego”

“Existe a idea cultural de que se queres pertencer á sociedade tes que ter un emprego”

Finalmente, tras a realización de propostas por parte dos grupos, levouse a cabo unha votación para seleccionar aquelas medidas prioritarias. Os resultados foron os seguintes:

O DISCURSO DA TEOLOXÍA DO EMPREGO

- Impulsar medidas de inclusión sociolaboral que proporcionen oportunidades de acceso a un emprego para persoas de calquera tramo de idade, especialmente mozos/as e persoas de idade avanzada, teñan ou non experiencia.
- Establecer políticas de inclusión laboral onde se potencien e se incrementen as posibilidades de acceso ao mercado laboral e ofrecer un emprego público e estable para colectivos vulnerables.

INCLUSIÓN SOCIOLABORAL E RENDAS MÍNIMAS

- Complementar as rendas mínimas co emprego para facilitar o acceso ao mercado laboral, fomentando a estabilidade económica, laboral, persoal, social e psicolóxica de todas as persoas.
- Asegurar o adecuado funcionamento das prestacións sociais e rendas mínimas, mediante a súa axilización e eficiencia na tramitación, para que as persoas non se queden durante un período de tempo sen percibir ningún ingreso.

Colabora:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



AS PROPOSTAS NA RÚA

Un ano máis as conclusións e demandas visibilizáronse na rúa. Tras un roteiro dende a EGAP as asistentes chegaron á Praza 8 de Marzo para dar visibilidade á mensaxe "Unha vida digna, un emprego digno".

Elabourouse o Manifesto 'Emprego, a toda costa?' que resume o Encontro, e que se pode atopar ao final deste documento.



No Manifesto reclámase unha efectiva participación social e política e ter oportunidades para a integración plena. Recóllense tres ideas clave:

- Non podemos falar dun emprego a toda costa. É dicir, da obrigatoriedade de aceptar un emprego no que non se respecten condicións laborais dignas.
- Hai persoas que non poden traballar e que o feito de non ter un emprego non pode ser unha causa de exclusión da sociedade. Cada persoa ten un valor por si mesma, é un membro de pleno dereito nela independentemente do emprego.
- É un dereito das persoas o acceso a ferramentas de protección social, que lles garantan unha vida digna.



Máis información en pobreza.gal

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
[Pobreza.gal](https://pobreza.gal)





Encontro de Participación Social

para a elaboración de propostas políticas

6 de xuño Santiago de Compostela

Emprego, a toda costa?

MANIFESTO

EMPREGO, A TODA COSTA?

Hoxe celebramos, o XIV Encontro Galego de Participación de persoas en situación de pobreza e exclusión. Traballamos elaborando propostas políticas de mellora, porque queremos que as administracións nos escoiten e estean de verdade ao servizo das persoas.

O emprego é un pilar fundamental para evitar a pobreza e a exclusión; pero se ben isto é certo, hai dúas cousas que non podemos esquecer. A primeira, que non podemos falar dun emprego a toda costa. É dicir, da obrigatoriedade de aceptar un emprego no que non se respecten as condicións salariais, os horarios, as normas que favorecen a compatibilidade, ou calquera outro aspecto que supoña o incumprimento das normas establecidas. O emprego debe ser digno, cumprindo as condicións sinaladas pola lei, respectando os dereitos das persoas e con unha remuneración que permita atender as necesidades vitais das persoas. A segunda cousa que non debemos esquecer, é que hai persoas que non poden traballar e que o feito de non ter un emprego non pode ser unha causa de exclusión da sociedade. Cada persoa ten un valor por si mesma, é un membro de pleno dereito nela independentemente do emprego.

Nos casos de falta de emprego é un dereito das persoas o acceso a ferramentas de protección social, que garantan ás persoas unha vida digna. Rendas ou prestacións que permitan a inclusión social e laboral das persoas, sen estigmatizalas polo feito de percibir unha axuda ou non ter emprego.

A necesidade de conciliación ou flexibilidade para o coidado de menores ou persoas dependentes, a posibilidade de compatibilizar unha renda mínima co traballo para poder realizar unha inclusión laboral, a discriminación no acceso ao traballo, as trabas burocráticas para acadar unha renda ou un emprego ou obter os permisos de

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal



residencia en España, as persoas que non poden traballar ou que necesitan unhas condicións especiais para poder facelo, a precariedade das condicións laborais, os discursos que culpabilizan ás persoas por non traballar ou consideran que as rendas que perciben son excesivas... estas e moitas outras cousas fan necesario facer unha reflexión sobre o emprego na actualidade.

Baixo o lema: ***Emprego, a toda costa?***, reclamamos o seguinte:

- 1.- Complementar as rendas mínimas co emprego para facilitar o acceso ao mercado laboral, fomentando a estabilidade económica, laboral, persoal, social e psicolóxica de todas as persoas.
- 2.- Asegurar o adecuado funcionamento das prestacións sociais e rendas mínimas, mediante a súa axilización e eficiencia na tramitación, para que as persoas non se queden durante un período de tempo sen percibir ningún ingreso.
- 3.- Impulsar medidas para que as persoas de calquera tramo de idade, enfocando principalmente en mozos/as e persoas de idade avanzada, se lles proporcione a oportunidade de acceder a un emprego, teñen ou non experiencia.
4. Establecer políticas de inclusión laboral onde se potencien e se incrementen as posibilidades de acceso ao mercado laboral e ofrecer un emprego público e estable para colectivos vulnerables.

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Teléfono: 698 127 110 | Santiago de Compostela
Pobreza.gal

